



Concello de Oia

NOTA INFORMATIVA DE ALCALDIA PREVENCIÓN DO CORONAVIRUS

Á vista das medidas extraordinarias adoptadas pola Xunta de Galicia na mañán de hoxe, coa suspensión das clases en tódolos centros escolares, e tendo en conta a información facilitada polo Ministerio de Sanidade, así como as medidas de prevención que nos corresponde adoptar a todos, para frenar na medida do posible os contaxios por coronavirus,

INFORMO:

1.- Os síntomas máis comúns da enfermidade son: febre, tos e sensación de falta de aire.

En caso de notar síntomas como estos ou ter dúbidas de estar contaxiado, o número de información á cidadanía é **900 400 116.**

Prégase aos veciños que chamen a ese número antes de acudir ao 061 ou ás urxencias hospitalarias para evitar na medida do posible o colapso dos centros de saúde.

2.- As medidas para protexernos do coronavirus son:

Lavar as mans frecuentemente

Evitar tocar ollos, nariz e boca

Tusir contra un pano de usar e tirar ou ben contra o brazo

Evitar contacto con outras persona en caso de notar síntomas.

Se trata de evitar que os contaxios se multipliquen, polo que durante as próximas semanas, intentado evitar a acumulación de personas nas dependencias municipais, **RECOMENDAMOS** que antes de acudir á casa consistorial, **intenten realizar as súas xestións administrativas por sede electrónica.**

En caso de non contar con esa posibilidade, agradeceremos que **se informen telefónicamente no 986 362 125 da posibilidade de resolver as súas xestións sen necesidade de acudir ás oficinas.**

Sen perxucio do anterior, en calquera momento, e según vaia evolucionando a situación, se adoptarán as medidas necesarias de contención que vaian recomendando as autoridades sanitarias

Oia, a 12 de marzo de 2020.

A Alcaldesa

Asdo Cristina Correa Pombal

*Asdo dixitalmente á marxe

